



RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DA AGADER POLA QUE SE MODIFICAN AS DATAS FINAIS DO CALENDARIO DE XESTIÓN PREVISTO NO ARTIGO 34.1 DAS BASES REGULADORAS LEADER, EN RELACIÓN COAS RESOLUCIÓNS DE CONCESIÓN DE AXUDA CORRESPONDENTES ÁS SUBMEDIDAS 19.2 E 19.4B DO PDR DE GALICIA 2014-2020

A Axencia Galega de desenvolvemento Rural (en adiante Agader) é un ente de dereito público creado pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica á Lei 77/1996 e a Lei 5/2000, e pola Lei 15/2010, do 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización administrativa.

No marco das súas funcións, correspóndelle a Agader a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais.

O Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), fixa os obxectivos a que debe contribuír a política de desenvolvemento rural e as correspondentes prioridades da Unión en materia de desenvolvemento rural.

Sobre a base deste regulamento, e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de Desenvolvemento rural para o período 2014-2020, do Acordo de asociación e do Marco nacional de Desenvolvemento rural a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o PDR de Galicia 2014-2020, que foi aprobado mediante Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011) e modificado pola Decisión de execución da Comisión C (2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017, pola Decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018, pola Decisión de execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de





2019 e pola Decisión de execución da Comisión C (2020) 8432 final, do 25 de novembro de 2020.

No citado PDR prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial).

Neste senso, a Agader materializou a xestión das submedidas 19.2 e 19.4B a través dos seguintes instrumentos:

- Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

-Resolución do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (DOG. Núm 53 do 18 de marzo).

- Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG. Núm 82 do 3 de maio).

- Resolucións da directora xeral da Agader, do 6/05/2021 pola que se lle autorizaron aos GDR, os gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4A) e pola que se lles autorizaron os importes máximos para gastos de animación (submedida 19.4B), con cargo á anualidade 2021.

O artigo 34.1 c) e d) destas bases reguladoras (Régime de Axudas da media Leader do PDR de Galicia 2014-2020) veñen a establecer, no ámbito do calendario de xestión da medida, que a data final, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos e o 15 de outubro de cada ano. Por outra parte, o citado artigo 34.1, sinala, no punto e), que a data final de concesión de axudas LEADER será o 30 de setembro de 2021.





Non obstante, o punto 2 do citado artigo 34 establece a posibilidade de que “a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poida variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límites sinaladas”.

Tendo en conta:

- Que a presente resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

- Que a pandemia de covid-19 e as conseguíntes restricións derivadas da crise sanitaria, así como un certo atraso na publicación da convocatoria de axudas para proxectos leader (submedida 19.2) correspondente ás anualidades 2021-2022 afectaron de xeito moi negativo ao ritmo das verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e á data na que foi posible emitir as resolucións de concesión de axuda e sobre todo ao ritmo de execución dun gran número de proxectos, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,

PROPOÑO, en relación ás resolucións de concesión de axudas que se tramitan no marco das submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial) do citado PDR:

1. Modificar a data final de concesión de axudas, de xeito que a data final de concesión de axudas sexa o 30 de novembro de 2021, para as resolucións que se emitan ao longo da anualidade 2021. Para as resolucións que se poidan emitir ao longo da anualidade 2022, a data final de concesión de axudas será o 30 de novembro de 2022.

2. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos, se ben unicamente para a anualidade 2021; de xeito que as citadas datas finais sexan as que a continuación se indican:

- Data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores: 30 de decembro de 2021.

- Data final de xustificación de investimentos: 30 de decembro de 2021.



Os prazos concretos de execución e xustificación dos investimentos, correspondentes ás resolucións de concesión de axuda emitidas ao abeiro da medida Leader serán os que se establezan nas citadas resolucións de concesión de axuda individuais, ou no seu caso, nas resolucións, tanto de carácter individual como xerais, modificatorias das mesmas.

3. Notificar esta resolución aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.

En Santiago de Compostela,

O subdirector de Relacións cos GDR

(Asinado electronicamente)

Moisés Blanco Paradelo

Tendo en conta a proposta do subdirector de Relacións cos GDR da Agader, **RESOLVO** aprobar a citada proposta nos seus propios termos,

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader

(P.D: Acordo do 13/12/2019)

A directora xeral da Agader

(asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira

